

DATOS PERSOAIS DO NENO/A SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
Data de nacemento		Idade	
Nacionalidade		Sexo	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Centro de Ensino		Curso	
Correo electrónico			
Nome e Apelidos (nai / titora)			DNI, NIF ou NIE
Ocupación		Horario Laboral	
Nº Seguridade Social		Mutua ou Aseguradora	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Municipio		Provincia	
Teléfonos de contacto	Domicilio	Traballo	Móviles
Correo electrónico			
Nome e Apelidos (pai / titor)			DNI, NIF ou NIE
Ocupación		Horario Laboral	
Nº Seguridade Social		Mutua ou Aseguradora	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Municipio		Provincia	
Teléfonos de contacto	Domicilio	Traballo	Móviles
Correo electrónico			
FICHA MÉDICA			
Toma algún medicamento?		Cal?	
Toma medicación ao longo da actividade?		Indicar dose:	
Ten alerxias?		Cales?	
Asma? <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non		Observacións:	
Maréase con frecuencia?		Vomita con frecuencia?	
Padece hemorraxias a miúdo?			
Ten convulsións?		Ten algún réxime?	
Ten as vacinas correspondentes á súa idade?			
Ten algunha discapacidade? Especificar:			
Outras:			
Outros datos de interese			
Indique a garda e custodia en caso de separación, divorcio, etc.			
Observacións			

A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso das normas emitidas polo Concello de Santiago. O incumprimento das mesmas dará lugar á perda do dereito de participación neste programa municipal.

Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento.

Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X

Centro de preferencia (sinala cun -x- o centro de preferencia)

- CEIP Ramón Cabanillas (Rúa José Antonio Souto Paz, 5)
- CEIP Pío XII (Poza de Bar, 15)
- CEIP As Fontiñas (Roma, 15)

Datas de celebración do programa: 24,26,27,28, 31 de decembro e 2,3,4 e 7 de xaneiro de 2013.

Horarios de realización:

Madrugadores: de 7,45 a 9 h.

Obradoiros e actividades: de 9 a 14 h.

Comedor: de 14 a 15,30 h.

Modalidades e prezos máximos a pagar

(estes prezos poderanse axustar á baixa unha vez resolto o proceso administrativo de adjudicación á empresa que desenvolva este programa)

SERVIZO	DÍAS SOLTOS (Prezo por día)
Madrugadores sen almorzo	1,50 €
Madrugadores con almorzo	2,00 €
Comedor	4,00 €
Actividades	7,50 €

Cota de inscrición e servizos solicitados (sinala cun -x- a opción que corresponda)

(*) Aplicaranse descontos do 20% aos participantes que acrediten ser familia numerosa e se participan dous o máis irmáns nesta mesma oferta.

SERVIZO	HORARIO	Sen desconto(9 días)	Con desconto (20%)
Modalidade completa (madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 15,30 h	<input type="checkbox"/> ... 121,50 €	<input type="checkbox"/> ...97,20 €
Modalidade completa (madrugadores sen almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 15,30 h	<input type="checkbox"/> ...117,00 €	<input type="checkbox"/> ...93,60 €
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...85,50 €	<input type="checkbox"/> ...68,40 €
Modalidade madrugadores sen almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...81,00 €	<input type="checkbox"/> ... 64,80 €
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 15,30 h.	<input type="checkbox"/> ...103,50 €	<input type="checkbox"/> ...82,80 €
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...67,50 €	<input type="checkbox"/> ... 54,00 €

Días soltos escollidos:.....Nº total de días:

Documentación a presentar:

- Ficha de **pre-inscrición** cuberta
- Unha fotografía.
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Informe médico (no caso de nenos/as con alerxias alimenticias e/ou con medicación pautada).

A documentación entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende,4), ou nos Rexistros auxiliares do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche ou do CERSIA (Avenida Alcalde Raimundo López Pol). **As prazas cubriranse por rigoroso orde de inscrición.** Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago ou escolarizados nun centro de ensino de Santiago.

Formalización da matrícula: unha vez rematado o prazo de inscrición darase a coñecer o prazo de formalización de matrícula, o número de conta donde realizar o ingreso e a relación de admitidos e excluídos. *No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.*

Santiago de Compostela,..... de de 2012

Asdo. Pai/nai, Titor/a ou Representante Legal:

Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento.

Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X

NADAL 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

O Departamento de Educación do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de Nadal 2012. Este programa comprenderá un conxunto de actividades, que se desenvolverán en instalacións dos CEIP Ramón Cabanillas, Pío XII e As Fontiñas, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago. Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun apoio e recurso de conciliación para as familias no tempo de vacacións.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Destinatarios: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago. (ambos os dous inclusive).

Horarios e servizos que se ofrecerán aos usuarios :

Horario: de 7,45 h. ata as 15,30 h.

Servizos:

- De 7,45 a 9 h.: Servizo de Madrugadores (aula matinal), con e sen almorzo.
- De 9 ás 14 h.: Obradoiros e Actividades.
- De 14 ás 15,30 h.: Servizo de Comedor.

Datas de realización do programa:

Os usuarios poderán escoller todos os días do programa ou días soltos.

Opción A: 24, 26, 27, 28, 31 de decembro de 2012 e 2,3,4 e 7 de xaneiro de 2013.

Opción B: días soltos.

A empresa concesionaria do servizo desenvolverá un programa de actividades, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores (con ou sen almorzo) e de comedor.

Número de prazas:

Establécese un número mínimo de 20 usuarios por centro e un número máximo de 300. As prazas distribuiranse do seguinte xeito:

CEIP As Fontiñas: 100 prazas

CEIP Pío XII: 100 prazas

CEIP Ramón Cabanillas: 100 prazas

Lugares de realización:

As actividades (agás as actividades, visitas ou excursións que se programen fóra dos mesmos), desenvolveranse en instalacións dos CEIP Pío XII (Poza de Bar, 15), CEIP as Fontiñas (Rúa Roma, 15) e Ramón Cabanillas (Rúa José Souto Paz, 5).

NADAL 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS:

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten que todos debemos coidar dos mesmos.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TIPO DE ACTIVIDADES

Dentro do programa, intercalaranse actividades LUDICAS, DEPORTIVAS, XOGOS E OBRADOIROS.

MODALIDADES E HORARIOS PARA OS USUARIOS

	HORARIOS
Modalidade completa (madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 15,30 h
Modalidade madrugadores sen almorzo, comedor e actividades	De 7,45 ás 15:30 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.
Modalidade madrugadores sen almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 15:30 h.
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.

Haberá un desconto do 20% para os solicitantes que acrediten ser familia numerosa e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase só aos solicitantes que cumpran ese requisito. Os descontos non son acumulables.

NADAL 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

PRAZOS DE PREINSCRICIÓN: co obxecto de coñecer a demanda deste programa establecerase un período de preinscrición entre o 20 e o 26 de novembro de 2012 (ambos os dous inclusive).

CRITERIOS DE ADMISIÓN

Poderá participar calquera neno ou nena que curse estudos en centros de educación infantil e primaria entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago (ambos os dous incluídos).

En caso de non cubrirse un número mínimo de participantes en cada centro, fixado en 20 matriculados, non se realizará a actividade.

Poderán asignarse máis prazas das establecidas a un centro, cando non se cubran ás asignadas noutro. As prazas cubriranse por riguroso orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello ou nos rexistros auxiliares. Atenderanse solicitudes con carácter puntual no caso de existir prazas dispoñibles, unha vez finalizado o proceso de preinscrición.

A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso das normas emitidas polo Concello de Santiago. O incumprimento das mesmas dará lugar á perda do dereito de participación neste programa municipal.

Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago ou escolarizados nun centro de ensino de Santiago.

PREINSCRICIÓN E LUGAR DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES

Deberán entregar o impreso de solicitude cuberto, no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou nos auxiliares do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16), e do CERSIA (Avenida Alcalde Raimundo López Pol).

Documentación a presentar:

- Ficha de inscrición, cuberta (descargar na www.santiagodecompostela.org)
- Unha fotografía.
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Informe médico (no caso de nenos/as con alerxias alimentarias e/ou con medicación pautada).

Formalización da matrícula: unha vez rematado o prazo de inscrición darase a coñecer ás familias, o prazo de formalización de matrícula, o número de conta donde realizar o ingreso e a relación de admitidos e excluídos.

No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.

NADAL 2012

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

MODALIDADES E PREZOS

SERVIZO	DÍAS SOLTOS (Prezo por día)
Madrugadores sen almorzo	1,50 €
Madrugadores con almorzo	2,00 €
Comedor	4,00 €
Actividades	7,50 €

Nota importante: estes prezos poderanse axustar á baixa unha vez resolto o proceso administrativo de adxudicación á empresa que desenvolva este programa.